


PEZA DO MES

marzo

2024



CÉLTICA E OUTRAS REVISTAS AMERICANAS NO MAPOUR

Céltiga e outras revistas americanas no Mapour

A Biblioteca do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense está integrada na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia e contén unhas 20.000 monografías e 1.200 revistas, das que 233 son vivas. Os intercambios, primeiro co *Boletín de la Comisión de Monumentos* (1898-1960), logo co *Boletín del Museo* (1943-53) e *Boletín Auriense* (desde 1971), foron os principais fornecedores desta colección. O fondo máis antigo, o da Comisión de Monumentos, consta de 722 libros, entre eles 13 anteriores ó século XVII. Dada a antigüidade da biblioteca, hai materias non específicas tan interesantes como *El Heraldo Gallego* –que este ano fai 150 anos–, a Revista Nós e os *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*; obxectos estes dous últimos de cadansúa peza do mes en 2020 e 2023.

De acordo coa gran relación mantida entre Galicia e América, consérvanse numerosas revistas desta procedencia tanto propias da colectividade galega –tal que *Céltiga*– como publicacións científicas ligadas aos institutos, academias ou universidades. Entre as primeiras destacan as arxentinas (12), *El Correo de Galicia* (1898), *Boletín del Centro Gallego* (1913), *Opinión Gallega* (1945), *Galicia* (1926-), etc. Tamén hai loxicamente de México (7), Estados Unidos (5) e de Venezuela, Uruguai, Cuba, Perú, Ecuador e de alí onde houbera centros de emigración e investigación.

A revista *Céltiga* desenvolveu a súa actividade entre o 30 de setembro de 1924, núm. 1, e o 25 de xullo de 1932, núm. 181-182. Trece deles serán dobres; o museo conserva un total de 132. Na actualidade hai dúas publicacións facsímiles parciais –do ano 1924, en papel (2009) e de 1925-26 en DVD (2013)– feitas polo Centro Ramón Piñeiro de Humanidades, pero o proxecto de completaren os 8 anos nunca rematou. Desde hai uns meses, pódense consultar en liña os PDF de todos os números na web do Consello da Cultura, pero non é cousa doada pois a revista carece de índices e mesmo de numeración de páxinas.

A importancia de *Céltiga* radica no éxito das confluencias e equilibrios que a situaron como un elemento imprescindible na afirmación da identidade da nosa colectividade en América nun período que vai, practicamente, desde os inicios da ditadura de Primo de Rivera ata a consolidación da II República. Naquel ambiente as asociacións de emigrantes, os colectivos mutuais e as agrupacións políticas tiveron candanseus órganos de expresión e movíanse con dificultades na articulación identitaria entre Galicia, España e Arxentina. *Céltiga* tratou de tender pontes

de comprensión e irmandade entre as tres realidades. Estamos nos anos nos que vivían en Bos Aires, nun ámbito social e de liberdade inédito en España, 400.000 galegos, tempos da «quinta provincia» ou da «Galicia ideal».

O nome da revista é un dos expoñentes da mitificación da historia céltica que veu superar a anterior mitificación sueva que dera nome ás cabeceiras *Suevia*, na Habana, Bos Aires e Compostela na década de 1910. A *Céltiga* de Bos Aires –co mesmo nome que a editorial ferrolá das Irmandades activa entre 1921 e 1923–foi fundada por unha confluencia de intereses entre persoas que ansiaban proxección na colectividade (Domingo Rial Seijo, comerciante ligado á Casa de Galicia; Ramón Peña, debuxante, e o mecenas Fernando Lorenzo Rico) e fundamentalmente Eduardo Blanco Amor, quen acababa de quedar libre polo peche de *Terra*, *idearium da I.N.G. n'América do Sul*, pois a revista que levaba adiante xunto con Ramiro Isla Couto e só orientada ao adoutramento nacionalista non podía ter éxito que a fixese rendible, e só deu publicado 6 núms., todos en 1923.

Aprendidas varias leccións, participarán do proxecto *Céltiga* desde 1924 Blanco Amor, Suárez Picallo e Eliseo Pulpeiro –como principais redactores, ou directores literarios, segundo as épocas–, e formarán un núcleo posibilista que viña da Irmandade Nazionalista Galega (ING), disolvida en 1924, e que traballaban na Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales e no seu xornal *El despertar gallego*; serán eles os «céltigos».

A idea foi publicaren unha revista cultural coidada, de estética moderna, aberta ao diálogo cultural coa Arxentina, de orientación progresista, republicana, hispanista, galeguizadora da colectividade e viable economicamente. Para iso, unha publicidade moi coidada e estable, as reportaxes de festas e vida societaria local, a interacción cos lectores, as crónicas e fotos tamén da actualidade de Galicia, poesía, humor, foron combinadas ata conseguiren unha revista moi popular e influente. Pero esa «galeguización» debería ser pousada, pois en palabras de EBA, o que pensamos fixo o traballo e as achegas máis interesantes:

«*Céltiga* chegou entón a publicidade, sin tradición, é dicir cunha tradición negativa, *Céltiga* acometía a ciclópea labora de ser unha revista de ideas novas que cobizaba intresar, en grande escala, a unha colectividade de ideas vellas e neutras, senón de isas ideas vellas aitivas, rencorosas que nos repudiaban por intuición apriorística; por xenreira sistemática e irracional. Todol-os tactos políticos foron

poucos; total-as precaucións escasas. Había que escribir en funámbulo, como quen camiña por un fío».

A revista, á parte do contacto co grupo de Ourense cuxa relación podemos seguir no epistolario de Blanco Amor con Vicente Risco, publicado no *Boletín Auriense* XIV-XV, tamén tiña un trato fluído co grupo das Irmandades da Coruña e co xornal *A Nosa Terra*, pero estará en conflito continuo cos «arredistas» de *A Fouce*, sector independentista radical, tamén proveniente da I.N.G.

A lingua principal da revista foi o castelán, cun progresivo incremento do galego, especialmente a partir de outubro de 1925, no que se inaugura unha sección «Idearium galeguista», seica da responsabilidade de Ramiro Illa Couto. Nela reproducen textos fundamentais xa publicados –como a Teoría do Nazionalismo Galego de Risco– e outros moitos feitos ex-profeso de varios autores, entre eles, algúns de Cuevillas baixo o pseudónimo de «Xan de Pazos». Risco, pola súa banda, publica unha subsección «Da nosa renacencia» na que dá conta das novidades culturais do país, como a revista *Nós*, o Seminario de Estudos Galegos, o Museo de Etnografía, a actividade arqueolóxica de Florentino Cuevillas, etc.

A revista, quincenal, pasa por varias fases e problemas diversos (distanciamento pola xestión de fondos recadados, viaxes dos responsables, cambios políticos e de posición...), pero mantivo sempre un alto nivel de calidade por parte dos colaboradores, unha grande variedade de seccións e constituíu, mentres durou, a principal ponte intelectual entre os galegos de aquí e de alén mar.

O deseño e a plástica da revista, xestionado polo fundador e bo debuxante Ramón Peña Gil –autor dunha ampla serie de portadas de estética modernista sobre temática galega, creacións publicitarias e adornos compositivos– conta coa colaboración doutros debuxantes como Manuel Bujados, Saul Borobio, José Peña Gil, Castelao (que publica debuxos e textos que integrará en *Cousas*), Álvaro Cebreiro, Maside, Jaime Prada, Julio Prieto Nespereira, Camilo Díaz Baliño, Lourido, Armando Suárez Couto, Fernández Mazas, Manuel Quiroga –o violinista e colaborador habitual, tamén con partituras– e outros moitos. Ás veces será obra orixinal –así adoita constar– e outras reutilizada de publicacións anteriores en Galicia, como varios elementos de *Nós*. Tamén son de destacar as colaboracións de fotógrafos locais que fan reportaxes no seo da colectividade, e de Galicia, como Ksado, Villar, Xesta, que envían fotos de monumentos, deportivas, sociais...

Ao longo dos oito anos participan a práctica totalidade dos intelectuais galegos, sexan de expresión castelá ou galega e de calquera xeración, con poesías, contos ou ensaios. Valle Inclán –con poemas en galego, tamén–, W. Fernández Florez, Xavier Bóveda, Bouza Brey, Ben-Cho-Shey, Ricardo Outeriño, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Paz Andrade, Carballo Calero, Correa Calderón, Euxenio Montes, Amado Carballo, Lugo Freire, Linares Rivas, Vitoriano Taibo, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Herminia Fariña, Francisca Herrera, Basilio Álvarez, Blanco Torres, Fco. Luís Bernárdez etc. Tamén hai presenza de intelectuais españois como Ramón Pérez de Ayala ou portugueses, presentes nunha sección «Letras irmás» como Teixeira de Pascoaes e Antonio Nobre, paralela a outra de «Letras argentinas», onde haberá textos de autores locais.

En canto ás seccións, destacamos algunhas constantes, á parte das literarias, como os editoriais «El momento de Galicia» –análise da situación política e social, normalmente en mans de Seijo–, desde 1925, ou «Noticias de Galicia» –repasso pola actualidade social– «Galicia Deportiva» –con seguimento de deportes maioritarios como o fútbol e minoritarios como o tenis– «Humorismo gallego» –con viñetas de Castelao, Maside, etc.–, «Rincones de Galicia» –con novas construcións, escenas típicas– etc. A vida social enche boa parte da revista con crónicas e fotos de banquetes e reunións das distintas sociedades, tamén fotos dos nenos da colectividade, baixo o título «Nuestros pequeños tiranos», mesturado todo coa publicidade de grandes compañías de navegación e negocios de tido tipo. A participación dos lectores faise, tamén, na sección «Concursos de Céltiga», con recollida de alalás e cantigas populares, «Fotografías artísticas de Galicia», ou concursos de carnaval, etc.

Números clave da revista, á parte dos publicados os días de Galicia, foron os dedicados á visita da Coral de Ruada (150, marzo de 1931) e sobre todo, os dous centrados na xesta do avión Plus Ultra (27-28 e 29-30, febreiro e marzo de 1926), cousa de inmensa importancia no prestixio e orgullo dos galegos de alén mar.

En definitiva, cremos que para a posta en valor e a recuperación de moito material só publicado na revista *Céltiga*, esta revista é merecente dunha boa monografía cuns índices pormenorizados de autores e temáticas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense

